

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2023



## Desde a fiestra de don Paco

Francisco Fernández del Riego

17 de maio de 2023

### Guía de actividades Educación infantil e primaria





## XUNTA

### DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Secretaría Xeral de Política Lingüística

### CEIP JUAN REY

Imprime: Xoán Carlos Portos

Santiago de Compostela, 2023

Depósito Legal: C 567-2023

## AUTORÍA

Neira Teijeiro, María Dolores (coordinadora)

Bermúdez Rego, Adriana

Borrajo González, Consuelo

Fernández Friol, María Silvia

Fraga Fernández, Concepción

Freán Lamela, Javier

Irimia Andrade, María Alejandra

Mourelle Mon, Anxo

Ramallal García, María de la Luz

Torrente García, María del Carmen

Alumnado do CEIP Juan Rey

“Recordo a amizade dos  
compañeiros de curso cos  
que compartín  
inesquecibles leiras e  
acontecementos.”

## COLABORACIÓNS

Dopacio Seoane, Tara

García Leiras, Erundina

Iglesias Villar, Valentín Eduardo

Rodríguez Losada, Raquel Carlota

Vázquez Cascudo, Inés

Agradecemento especial a:

Manuel Román Ramos, biógrafo e asesor.

Xosé M. García Fernández e Xosé López González, expertos en xogos tradicionais galegos.

Todo alumnado do CEIP Juan Rey (Lourenzá) que deseñou, creou e traballou para que este proxecto se realizase.

## Índice de contidos

Presentación .....	5
--------------------	---

### BIOGRAFÍAS

Desde a miña fiestra. Vida, obra e legado de Francisco Fernández del Riego.....	6
Biografía adaptada con pictogramas.....	11

### ACTIVIDADES

1 Francisco Fernández del Riego: un neno galego.....	12
2 Francisco Fernández del Riego: un universitario galego.....	14
3 Francisco Fernández del Riego: un político galego.....	16
4 Francisco Fernández del Riego: un profesor galego.....	18
5 Francisco Fernández del Riego: un xornalista galego.....	20
6 Francisco Fernández del Riego: un escritor galego.....	22
7 Francisco Fernández del Riego: un viaxeiro galego.....	24
8 Francisco Fernández del Riego: un editor galego.....	26
9 Francisco Fernández del Riego: un académico galego.....	28
10 Francisco Fernández del Riego: un xeneroso galego.....	30

### FONTES E REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Bibliografía do autor.....	32
Outra bibliografía empregada.....	32
Webgrafía e outras fontes nas redes.....	32

“Volvo deixar pousar os ollos da lembranza sobre o rostro de Galicia. Na inesquecible paisaxe na que vagan bosques, ríos, montañas e séculos.”



*Handwritten signature*

## Presentación

Con esta exposición de carteis, a comunidade educativa do CEIP Juan Rey réndelle homenaxe ao seu veciño máis ilustre: Francisco Fernández del Riego.

Na elaboración dos carteis participou a totalidade do alumnado con ideas e materiais. O deseño da guía foi realizado polos nenos e nenas de 5º e 6º en maqueta Edixgal.

Francisco Fernández del Riego non escribiu para infancia, así que decidimos adaptar a súa autobiografía *Camión andado* ao alumnado de infantil e primaria.

A traxectoria vital de don Paco é un modelo que seguir, pola súa defensa da lingua e da cultura galega nun tempo no que non era doado. Se hoxe se escribe, se estuda, se investiga ou mesmo se celebra o día das nosas letras é porque unha xeración de galegos e galegas loitou por iso.

Estes últimos tres anos fomos traballando o patrimonio cultural de Lourenzá (Mosteiro, Julia Minguillón ou Juana Ibarburu) e fomentando o arraigamento das diversas culturas que conviven na contorna educativa.

Este curso, o proxecto dos equipos de Dinamización da Lingua Galega e de Biblioteca era proseguir esta liña e traballar a figura de Francisco Fernández del Riego, que coincidiu ser o homenaxeado no Día das Letras Galegas.

No primeiro trimestre puxemos en contacto o alumnado coa biografía de don Paco. Seguidamente, cada curso, de forma conxunta, centrouse nunha faceta da súa biografía e deseñou un cartel con linguaxe inclusiva (pictogramas, braille), utilizando o deseño gráfico e diferentes técnicas que se traballan en educación infantil e primaria.

Esta primeira proposta resultou moi gratificante e motivadora para a cativada. Partindo dos nosos carteis, formulamos unha proposta de actividades coa finalidade de unir intereses e realidades para que as aprendizaxes sexan vividas e significativas, é dicir, que as sintan propias e cheas de valor, onde a biblioteca de centro constituía un espazo privilexiado para a busca de información e para o traballo cooperativo, co fin de lle achegar a vida de don Paco, dun xeito lúdico, ao alumnado.

Estas actividades están organizadas por bloques que se corresponden cos seguintes niveis e cursos:

- Bloque 1: educación infantil
- Bloque 2: 1º e 2º de educación primaria
- Bloque 3: 3º e 4º de educación primaria
- Bloque 4: 5º e 6º de educación primaria

Esta forma de organización pareceunos a máis adecuada para unha promoción das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información. Ademais, permítelle a cada titoría escoller a actividade do bloque máis adecuada en función das características, ritmos e intereses do alumnado, co fin de individualizar e personalizar a aprendizaxe e facela máis inclusiva. Por outra parte, en todos os carteis se convida a unha reflexión sobre a igualdade de xénero e os estereotipos de onte e hoxe.

**Animámosvos a que elaborades os vosos carteis,  
axeitándoos á vosa realidade educativa.**

## Desde a miña fiestra. Vida, obra e legado de Francisco Fernández del Riego



Nacín en Vilanova de Lourenzá. Pódese dicir que fun un agasallo dos Reis Magos, pois era o 7 de xaneiro de 1913. A pesar de que xa pasaron máis de cen anos, a miña casa e o meu barrio seguen estando en pé.

Fun o máis vello de 11 irmáns. Meus pais tiñan unha tenda en Vilanova de Lourenzá e casaríos por todo o concello.

Cando tiña 4 anos, leváronme á escola e desde ese día empezaron a gustarme os libros. *As mil e unha noites* era o meu preferido.

Tamén me encantaban os cadros. A miña veciña Xulia era capaz de debuxarme todo o que eu imaxinaba.

Ler e xogar, así pasaba o meu tempo libre. Lembro os barcos de noz, os cabalos de pataca e os carros de nabo. O meu patio de recreo era o Cantón e as rúas de Vilanova.



Tiñamos patinetes formados por unha táboa de madeira e catro rodas, para correr pola vila; bailaretes; andacamiños e ata un tirafonda que daquela era moi popular entre a rapazada.



Non había piscinas, pero tanto nos tiña. Nadabamos no pozo de Cuñas, sempre vixiados pola avoa Dominica.

Cando soñabamos con ser exploradores, madrugabamos e pasabamos o día polo Val, A Cazolga, Pumar de Don e A Cruz da Cancela.



Pasabamos o verán en Foz. Era por aqueles tempos toda unha aventura. Iamos nun coche de cabalos ata A Espiñeira, onde collíamos un barco que nos levaba ata o porto de Foz. Alí, no barrio do Campo da Cabana, alugaban meus pais unha casa preto da praia da Ribeira. Nadabamos e sempre había algún mariñeiro que nos levaba pescar pola ría.

Por aqueles tempos tampouco había instituto preto, así que meu pai pediulles aos monxes do mosteiro que me desen clase. Lembro o padre Manzanares, que me amosou a biblioteca do mosteiro. Desde ese día empezou a miña fascinación polos libros, que me durou toda a vida. Ao longo do tempo xuntei máis de vinte mil.




Íame facendo grande e os monxes xa me ensinaran todo o que sabían. Meus pais mandáronme a un internado a Monforte de Lemos. Alí estudaba moito e xogaba ao fútbol. Era extremo dereito e todos me coñecían co alcume de Bicicleta, polo rápido que era. No tempo que tiña libre sempre me divertía lendo libros e conversando cos meus amigos.

Quería sacar boas notas e ser un modelo para meus irmáns: era o máis vello de once e miña nai sempre me dicía que tiña que lles dar exemplo aos pequenos.

Estudei moito e logrei entrar na universidade. Fun a Madrid; era o ano 1930. Matriculeime na carreira de Dereito. Vivín a proclamación da República o 14 de abril de 1931.

Daquela, tiven contacto por primeira vez coa literatura galega, con Rosalía de Castro e Curros Enríquez. Marcaron para sempre o meu pensamento galeguista dúas cousas:

- A lectura de *Teoría do nacionalismo galego* de Vicente Risco.
- As burlas que os meus compañeiros facían da xente galega e do seu acento.



Por iso aquel verán, ao chegar a Vilanova, o meu amigo Carlos e mais eu escribimos un discurso que repartimos por toda Lourenzá. Subimos ao balcón do Concello e izamos a bandeira galega, lemos versos de Rosalía e celebramos o Día da Patria Galega. Era o 25 de xullo de 1931.

Como eramos moitos irmáns e os meus pais querían que todos estudásemos unha carreira universitaria, decidiron que o mellor era irmos vivir a Santiago de Compostela e estudarmos todos alí.



Nesa cidade seguí cos meus estudos de Dereito e tamén me matriculei na carreira de Filosofía e Letras, porque xa sabedes que me encantaba ler e escribir.

Entreí no Seminario de Estudos Galegos, onde nos dedicabamos a difundir e poñer en valor a cultura galega e a nosa lingua. Por aqueles anos deixabamos pola cidade unha publicación que nós mesmos confeccionabamos con versos de poetas galegos e casteláns.



Os meus compañeiros elixíronme para pronunciar o discurso de representación do alumnado na inauguración oficial do curso 1933/1934. Nel demandaba unha universidade na que o estudo da lingua galega fose fundamental.

Con só 22 anos, xa era profesor na facultade de Dereito e, ao mesmo tempo, formei parte do Partido Galeguista. Fun por toda Galicia explicándolle á xente que era moi importante ter un estatuto de autonomía e un parlamento.



Cando empezou a Guerra Civil, non me deixaron seguir dando clase na universidade por mor das miñas ideas galeguistas. Incorporeime ao exército franquista para poder salvar a vida. Eran tempos moi duros.



Ao remate da guerra, instaleime en Vigo. Foi unha época de "angustias económicas". Casei coa miña noiva Evelina e traballei na revista *Industrias Pesqueras*. Impartín clases de literatura nos colexios Mezquita e Labor. Lembro, entre tanta tristura, os divertidos faladoiros cos meus amigos, os pintores Maside e Laxeiro, nos cafés da cidade.

Fun encarcerado e incomunicado no ano 1947. Recordo que na cela atopei unha folla dun xornal con encrucillado que tardei días en resolver. Foi o último que me serviu de pasatempo ao longo da miña vida. Fun xulgado en consello de guerra e exculpado finalmente.

Traballei como xornalista en diferentes medios (ata na BBC inglesa), loitando sempre para que a nosa lingua e literatura non se esquecesen e tivesen un lugar no mundo. Adoitaba asinar os artigos con pseudónimos, por medo a represalias. Os que máis utilizaba eran os de Salvador Lorenzana e Cosme Barreiros.





Visitei os centros galegos de Buenos Aires e Montevideo e fun nomeado delegado en Galicia destas entidades. Foron anos de viaxes e de loita cultural. O meu obxectivo seguía sendo que a nosa lingua e a nosa cultura non se esquecesen, aínda que fun detido varias veces polas miñas ideas.

En 1950, eu e os meus amigos Isla Couto e Ramón Piñeiro fundamos unha editorial. A esta fábrica de libros nomeámola Galaxia. Queríamos demostrar que en galego pódese falar de calquera tema do Universo. Era unha fiestra aberta aos novos escritores e escritoras de Galicia, unha voz na Vía Láctea de Rosalía, Curros, Cabanillas e tantos máis.

Ao longo da miña vida, escribín moitos libros de diferentes xéneros: ensaio, novela, literatura de viaxes, autobiografía, monografías de autores galegos e literatura epistolar.



Ingresei na Real Academia Galega (RAG) en 1960. Desde esta institución, da que tamén fun presidente (de 1997 a 2001), seguí na miña loita de facer do galego unha lingua universal, presente en todos os campos, unha lingua con palabras propias para calquera cousa que se invente e unha lingua coas súas normas ortográficas como calquera outra.



No meu mandato, conseguín que a RAG lembre cada ano a nosa literatura e lembre cando empezou o Rexurdimento.

O 17 de maio de 1863, Rosalía de Castro publicou o seu libro *Cantares gallegos*.

O 17 de maio de 1963, grazas a min, proclamouse ese día, para sempre, o día da festa grande das nosas letras.





O meu amigo e bibliófilo Fermín Penzol deixou-me encargado de ordenar e clasificar todos os seus libros e documentos. Así foi como empecei a traballar no que hoxe coñecemos como Fundación Penzol, a primeira gran biblioteca da cidade de Vigo especializada na lingua e en autores e documentos en galego.

Ao longo da miña vida non acumulei moitas riquezas. Os meus tesouros son a miña biblioteca, con moitos libros, documentos e cartas, e a miña pinacoteca, formada por cadros, esculturas e debuxos de artistas que foron tamén os meus grandes amigos. Déixoo todo para a cidade de Vigo, a cidade na que vivo desde que era un mozo galeguista cheo de soños.







Cando abro a fiestra do meu despacho, contemplo o mar. Lembro aquel barco de noz que fixen cando era neno e que navegou desde Vilanova de Lourenzán ata atracar na ría de Vigo, vinte mil libros despois.



Francisco Fernández del Riego morreu en Vigo o 26 de novembro do 2010.

Definíase a si mesmo como un home de "ideas abertas".

# BIOGRAFÍA ADAPTADA CON PICTOGRAMAS



# 1 Francisco Fernández del Riego: un



Neste cartel propoñemos traballar a infancia de don Paco, a súa vida nunha pequena vila, a escola, os xogos, a paisaxe e o contorno artístico que marcaron toda a súa obra.


## Actividades do bloque 1

- Pregúntalles aos teus avós ou a outras persoas anciás cales eran os xoguetes tradicionais na súa infancia. Elabora un barco de noz ou un cabalo de pataca.
- Francisco Fernández del Riego contou nun dos seus libros como eran os seus xogos de neno.

"Ler e xogar. Así pasaba o meu tempo libre... Lembro os barcos de noz, os cabalos de pataca e os carros de nabo. O meu patio de recreo era o Cantón e as rúas de Vilanova."

- O noso autor empezou a escribir cando era moi pequeno. Imítalo. Ordena as letras para formar o seu nome


IMOS ORDENAR AS LETRAS DO NOME DO AUTOR HOMENAXEADO



R F A C N S I O C

"Emprincepei axiña a esborranchar cadernos e rizar patas de mosca nos papeis."

Debúxate xogando no Cantón de Vilanova de Lourenzá.



- Fai os seguintes xogos no encerado dixital, na tableta ou no ordenador.

Descubre o Cantón de Vilanova de Lourenzá: [Crebacabezas](#)

Vai xogar ao Cantón de Vilanova de Lourenzá: [O minimundo de don Paco](#)

## Actividades do bloque 2

- Del Riego explica nunha das súas obras como pasaba os veráns.

“Pasabamos o verán en Foz. Era por aqueles tempos toda unha aventura. Iamos nun coche de cabalos ata a Espiñeira, onde collíamos un barco que nos levaba ata o porto de Foz. Alí no barrio do Campo da Cabana, alugaban meus pais unha casa preto da praia da Ribeira. Nadabamos e sempre había algún mariñeiro que nos levaba pescar pola ría.”

- De Vilanova de Lourenzá ata Foz só hai 11 quilómetros de distancia. Rodea no texto os medios de transporte da viaxe. Podes facer despois un debuxo de don Paco pescando ou nadando.

## Actividades do bloque 3

- Completa as frases seguintes.

Paco empezou na escola cando tiña..... anos.

O seu libro favorito era..... *noites*.

O xoguete que era máis popular entre os rapaces era o .....

Cando Paco era xa un rapaz, foi estudar a un colexio a M..... de Lemos.

Todos lle chamaban o ..... polo ..... que era.

- No encerado dixital, na tableta ou no ordenador e coa axuda do buscador de Internet, realiza unha viaxe virtual desde a casa de Paco en Vilanova de Lourenzá ata o Colexio dos Escolapios en Monforte de Lemos.

## Actividades do bloque 4

- Busca información na biografía e elabora un resumo da infancia de Del Riego.
- Elabora unha infografía da infancia do autor no teu caderno ou no ordenador.

## Actividades para o fomento da igualdade

- Cando Francisco era pequeno, había xogos diferenciados para nenas e nenos. Fíxate no cartel e reflexiona. Cen anos despois, no patio do teu colexio seguides facendo o mesmo? Xustifica a túa resposta.

## 2 Francisco Fernández del Riego: un




Neste cartel propoñemos traballar a vida universitaria de don Paco, marcada pola defensa da lingua galega en todas as etapas educativas.

### Actividades do bloque 1

- Nas súas memorias, don Paco conta que de mozo fixera unha revistiña chamada *Resol*.

“Folliña voandeira do pobo, unha especie de revista formada por pregos de diferentes cores: branco, verde, amarelo, rosa e azul. Espállabase gratis polas rúas. Contiña poemas, anacos de prosa, autores antigos e novos.”

- Facede un *Resol* con poemas de Rosalía de Castro. Imos lembrar primeiro as cores. Logo fai o xogo de memoria.



### Resol



### Actividades do bloque 2

- Animádevos a compoñer un *Resol* entre todos. Podedes deixalo polas rúas da vosa vila ou cidade ou no patio do colexio, para celebrardes o Día das Letras Galegas.
- Don Paco realizou os seus estudos en diferentes vilas e cidades. Búscaas na sopa de letras:

“...abría o libro e mergúllabame no seu contido ata ben pasar a media noite.”

SANTIAGO  
LOURENZÁ  
MONFORTE  
MADRID

C	Ú	I	J	A	Á	L	U	É	Z
Ú	D	I	R	Y	Z	K	O	Ú	B
S	Ñ	Y	T	X	N	M	I	N	F
A	L	B	Ú	Y	E	K	E	O	P
N	F	C	X	D	R	W	Ü	J	M
T	M	Ü	Y	C	U	K	C	C	A
I	É	É	H	N	O	T	Ü	U	D
A	G	O	Z	Ñ	L	B	T	B	R
G	M	O	N	F	O	R	T	E	I
O	M	I	Í	Ú	P	U	G	B	D

### Actividades do bloque 3

- Cando chegou á Universidade de Santiago de Compostela, Francisco Fernández del Riego formou parte do Seminario de Estudos Galegos. Para que loitaban aqueles homes e mulleres?

Busca a información na biografía ou en Internet.

Deseña un novo logo para esta institución.



### Actividades do bloque 4

- Busca información na biografía e responde estas preguntas:

Que lectura de Vicente Risco marcou o seu pensamento galeguista?

Que carreiras universitarias estudou don Paco?

No curso 1933/1934 os seus compañeiros elixírono...

Conta ou escribe de que falaba no discurso que deu no paraninfo da Universidade.

Nas vacacións de verán de 1931, don Paco e o seu amigo Carlos celebraron unha festa moi importante. Cal?

Como a celebraron?

- Imaxina que os teus compañeiros te nomean delegado de todos os cursos do colexio. Que lles pedirías aos teus profes ou á Consellería para mellorares o noso sistema educativo?

### Actividades para o fomento da igualdade

- Cando don Paco estaba estudando na Universidade, había poucas mulleres nas facultades. Non tiveron dereito a voto ata 1931. Naqueles tempos a maioría das mulleres dedicábase á organización da casa e ao coidado dos fillos.

Hoxe nas aulas das universidades galegas hai máis homes ou máis mulleres?

Infórmate en Internet e reflexiona. Comenta as túas opinións co resto da clase.

### 3 Francisco Fernández del Riego:



Con este cartel queremos lembrar a vida política do autor e achegarlle ao alumnado a historia do Estatuto de autonomía de Galicia.

#### Actividades do bloque 1

- escoita o *podcast* deste cartel e descubre o que fixo Francisco para celebrar o Día da Patria Galega. Colorea a bandeira galega que puxo Paco no balcón do Concello de Lourenzá.



Don Francisco Fernández del Riego

[QUEBRACABEZAS](#)

#### Actividades do bloque 2

- escoita o *podcast* do cartel. Que fixo Del Riego para celebrar o Día da Patria Galega?
- Na bandeira galega aparece moitas veces outro símbolo de Galicia, o escudo.

Co teu mestre ou a túa mestra, busca información sobre o escudo de Galicia.


Investiga para saber o que significan os elementos que o compoñen. Fai un debuxo e reproducéoo coas súas cores.



“Andei a traballar sen acougo no empeño.”

### Actividades do bloque 3

- O Estatuto de autonomía de Galicia de 1936, polo que tanto loitou don Paco, non chegou a ser aplicado por mor da Guerra Civil.
- Na páxina do [Parlamento de Galicia](#), ollá o vídeo dos [Bolechas](#) e responde as seguintes cuestións:
- Que é o Estatuto de autonomía de Galicia? Indagade o que di de acordo coa Constitución e realizade un mural cos datos obtidos.
- No cartel podes observar dous barcos que levaban persoas exiliadas. De que cidades galegas partían? A xente que ía nesas barcos viaxaba por turismo ou por necesidade?



### Actividades do bloque 4

- Elabora un breve texto sobre o Parlamento. Nel, explica que é, como está organizado e as funcións que exerce. Olla un vídeo do [Parlamento](#).
- Representade unha sesión parlamentaria onde se faga a petición da construción dun novo polideportivo para o centro.
- Por que cres que para Francisco Fernández del Riego era tan importante ter un estatuto de autonomía e un parlamento?
- Tomando como modelo o carné do Partido Galeguista, create un partido de aula e facede os vosos carnés.

### Actividades para o fomento da igualdade

- Fíxate no cartel electoral do Partido Galeguista de 1931.

Investiga para descubrir que pintor amigo de Francisco Fernández del Riego foi o seu autor e fai unha reflexión sobre o lema que aparece nel.

Crede que naquela época as mulleres tiñan os mesmos dereitos que os homes? E agora?

Logo de facerdes as vosas reflexións e chegardes a unhas conclusións, elaborade unha proposta sobre este tema para presentar no Parlamento.




## 4 Francisco Fernández del Riego: un



Con este cartel queremos lembrar a vida docente de Del Riego e os atrancos que tivo para exercela.

### Actividades do bloque 1

Don Paco vai vir ao teu colexio. Debuxa as súas lentes no encerado.



Don Francisco Fernández del Riego

"Pola noite, sempre coa fiestra aberta, tentaba durmir. Pero tollíame o sono a perspectiva do futuro ensombrizado."

### Actividades do bloque 2

- Fai de detective da literatura.


Olla o cartel 4. Fíxate na man de don Paco e no que está escrito no encerado.

Sabes de que escritora vai falar? Del Riego conseguiu que lle dedicasen o Día das Letras Galegas.

Recita algún poema dela. Podes gravalo co móbil e publicalo nas redes sociais do centro.

Escribe un poema semellante aos da autora.

Ilustra a portada do libro.



### Actividades do bloque 3


- Cántanos cal é o teu libro favorito en galego e quen o escribiu.
- Debuxa o teu mestre ou a túa mestra co seu libro favorito en lingua galega na man.

### Actividades do bloque 4

- Con 22 anos, Del Riego xa era profesor. Pescuda na biografía do comezo e descubre por que foi inhabilitado.
- Desde ese momento, Del Riego só pode traballar, de forma non oficial, no ensino privado. Fíxate no encerado; para presentarse, el só di que se chama Francisco Fernández. O director deste colexio contratouno coa condición de non utilizar o apelido Del Riego.

Por que che parece que faría iso?

Na actualidade poderíalle pasar o mesmo? Xustifica a túa resposta.



- Na biografía menciónase que traballou nos colexios Mezquita e Labor. Investiga cal destes nomes se refire a un colexio e cal é, ademais, o nome dunha vila.
- Del Riego fundou con dous amigos unha academia na cidade de Vigo. Busca en Internet como se chamaba e que estudos impartían nela.

### Actividades para o fomento da igualdade

- Fíxate na foto. Na época en que don Paco exercía a docencia, era habitual separar o alumnado por sexos.

Cres que, hoxe en día, iso segue ocorrendo nalgún sitio?

Pensas que esta maneira de enfocar o ensino fomenta a igualdade? Razona a túa resposta.



## 5 Francisco Fernández del Riego:



Con este cartel queremos lembrar a traxectoria xornalística do autor e achegarlle ao alumnado a importancia de empregar a lingua galega nos medios de comunicación.

### Actividades do bloque 1

- Francisco Fernández del Riego escribiu textos para moitos xornais e revistas. Cántalle a don Paco unha noticia do teu cole.



Don Francisco Fernández del Riego

### Actividades do bloque 2

- Durante a súa vida, don Paco participou nunha gran variedade de medios de comunicación, como xornais, revistas ou programas de radio. Une con frechas o nome de cada medio coa súa cabeceira:

Revista *Nós*.

Revista *Grial*.

Xornal *El Pueblo Gallego*.

Xornal *La Voz de Galicia*.

Canle British Broadcasting Corporation.

Xornal *Faro de Vigo*.



### Actividades do bloque 3

- Don Paco asinaba a miúdo os seus escritos con pseudónimos.
- Escribe unha nova sobre o teu colexio e asina cun pseudónimo que inventes para ti ou co alcume da túa familia, se o coñeces.

### Actividades do bloque 4

Del Riego desenvolveu desde os anos trinta do século pasado gran variedade de traballos en prol do galego. Entre eles, destaca o de periodista, pois durante moitos anos e en distintos medios realizou un gran labor ao difundir noticias relacionadas coa lingua e cultura galegas.

Adoitaba asinar os seus artigos con pseudónimos por medo a represalias. Os que máis empregaba eran os de Salvador Lorenzana e Cosme Barreiros.

Colaborou nas revistas *Nós* e *Grial* e nos xornais *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo* ou *El Pueblo Gallego*, entre outros, e participou na elaboración do *Galician Programme*, un programa en galego emitido na BBC durante varios anos no que se falaba sobre a cultura e a lingua galegas.

- Despois de ler o texto, responde axeitadamente:

Cando e onde naceu don Paco?

Cando comezou a destacar como divulgador e defensor da lingua galega?

Que pseudónimos adoitaba empregar? Por que o facía?

En que revistas e xornais participou?

Que era o *Galician Programme*?

Escribe un título que recolla a información do texto.

### Actividades para o fomento da igualdade

- Desde os tempos nos que don Paco comezou a escribir en revistas como *Grial* e en xornais como *El Pueblo Gallego*, o mundo do xornalismo cambiou moito. Agora hai moitos máis medios que publican en galego; mesmo temos unha canle de radio e televisión propia, a CRTVG! E tamén hai [mulleres e homes xornalistas](#) que loitan polos mesmos ideais que don Paco: a defensa do galego e da cultura galega.
- No seguinte xogo terás que adiviñar en que medio de comunicación traballan as seguintes xornalistas. Moita sorte!

XORNALISTAS  
GALEGXS


## 6 Francisco Fernández del Riego:



Con este cartel queremos lembrar a obra literaria do autor. Como Francisco Fernández del Riego non escribiu para nenas e nenos, trataremos de achegarlle ao alumnado os xéneros literarios e as funcións dun escritor.

### Actividades do bloque 1

- Fai unha serie coas cores da bandeira galega para que don Paco leve os libros ao andel.



Don Francisco Fernández del Riego

- Accede a esta ligazón para saber máis das persoas que escriben.

[O mundo dos escritores e das escritoras](#)

### Actividades do bloque 2

“Ao longo da miña vida escribín moitos libros de diferentes xéneros: ensaio, novela, literatura de viaxes, autobiografía, monografías de autores galegos e literatura epistolar.”

- Imita a don Paco e fai unha autobiografía ilustrada moi sinxeliña.
- Pon a proba a túa memoria con este xogo.

AUTOBIOGRAFÍA DE \_\_\_\_\_

NACÍN EN \_\_\_\_\_

O QUE MÁIS ME GUSTA É \_\_\_\_\_

SOÑO CON SER \_\_\_\_\_

[Canto sabes de don Paco?](#)

### Actividades do bloque 3

- Francisco Fernández del Riego cultivou o xénero da literatura epistolar.  
Fíxate na foto do andel superior do cartel onde Del Riego aparece onda Carvalho Calero e Cunqueiro, dous escritores amigos seus. Todos se carteaban. As cartas entre el e Cunqueiro están publicadas no libro *Cartas ao meu amigo*.
- Practicade o xénero epistolar. Escribídevos cartas e confeccionade un libro.

### Actividades do bloque 4

- De todos os libros que escribiu don Paco sentíase orgulloso, en especial, de *Letras do noso tempo*. Neste libro fala dos seus autores favoritos.
- Cales son os teus? Animádevos a facer unha pequena monografía dos vosos escritores e escritoras favoritos.



- Francisco Fernández del Riego publicou moitas obras sobre escritores galegos, antoloxías de poesía galega e historias da literatura galega.  
Busca na Galipedia algúns títulos do noso autor que traten eses temas.  
Animádevos a facer una antoloxía de poesías galegas que vos gusten.

### Actividades para traballar a igualdade

- Sabías que algunhas escritoras para publicar os seus libros tiveron que empregar pseudónimos ou delegar a autoría dos seus escritos nos seus esposos?  
Buscade en Internet mulleres que se ocultaron para que os seus escritos tivesen unha boa acollida.  
Logo, facede un debate sobre este tema.

## 7 Francisco Fernández del Riego: un



Con este cartel queremos resaltar a importancia dos centros galegos na vida do autor e na conservación e difusión da nosa lingua e a importancia do autor como ponte de relación entre as persoas exiliadas e emigrantes e as que ficaron en Galicia.

### Actividades do bloque 1

- Axúdalle a don Paco a visitar os centros galegos de Buenos Aires e Montevideo.
- Coa axuda do teu mestre ou da túa mestra, busca en Internet fotos dos centros galegos destas cidades.



Don Francisco Fernández del Riego

"Xurdía unha labrada de esperanza. A conciencia de ser de Galicia ía acadando posicións."

### Actividades do bloque 2

- En todos os países do mapa que teñen un punto vermello hai centros galegos. Don Paco visitou dous.

Rodéaos no mapa.

Remata a bandeira galega.

Con que palabra lembraban a nosa terra as persoas galegas que vivían fóra de Galicia?

Escribela con letras de cores.



Don Francisco Fernández del Riego

### Actividades do bloque 3

- Nas visitas de don Paco aos centros galegos de Buenos Aires e Montevideo, cantábase a miúdo o [himno galego](#). Está composto por unha poesía de Eduardo Pondal e unha fermosa música de Pascual Veiga.
- Completa este fragmento coas seguintes palabras: [prácido](#), [verdecete](#), [arume](#) e [fungar](#).

Que din os rumorosos  
na costa \_\_\_\_\_,  
ao raio transparente  
do \_\_\_\_\_ luar?  
Que din as altas copas  
de escuro \_\_\_\_\_ arpado  
co seu ben compasado  
monótono \_\_\_\_\_?

“Os emigrados galegos figuraban en tódolos eidos da vida de creación e de traballo.”

- Despois podes ilustrar estes versos cos teus debuxos e cantalo, como fixo o noso autor xa na súa mocidade, desde o balcón do Concello de Lourenzá.

### Actividades do bloque 4

- Fai de detective da literatura.

Esta foto é unha das máis coñecidas de don Paco. Está nun sitio un pouco triste. Investiga para saber onde está e o que está facendo.

Escoita as súas palabras de [homenaxe](#). Coa información obtida, fai tamén unha homenaxe para esta persoa en forma de recensión biográfica e ilustra cun debuxo.



### Actividades para o fomento da igualdade

- Buscade na Galipedia información sobre a vida de [Evelina](#), a esposa de don Paco. Estudou unha carreira, pero nunca a exerceu. Limitouse a acompañar e axudar o seu marido. Que opinades? Reparade na cita de *Camiño andado*, una das obras de Del Riego.

“Recomendáballe como alivio á miña muller para se arrolar nos labores da casa: *Estreliña* de Ponce, *Dinah* de Young, *Té para dous* de Yumans...”



## 8 Francisco Fernández del Riego: un




Con este cartel queremos salienta a relevancia de don Paco como editor, fundamental para a conservación e difusión da nosa lingua e da nosa cultura, e amosarlle ao alumnado o labor de Galaxia, unha editorial decisiva para os autores e as autoras en lingua galega.

### Actividades do bloque 1



Don Francisco Fernández del Riego



- Colorea os libros que teñen o logo da Editorial Galaxia.
- Xoga no [Taboleiro Galaxia](#) no encerado dixital, na tableta ou no ordenador.

Colle o dado e comeza a viaxe polos planetas do noso Taboleiro Galaxia. Fíxate nos planetas especiais, pois só podes dar os saltos extra se rematas correctamente as actividades en liña.

### Actividades do bloque 2

- Completa o texto sobre a Editorial Galaxia:

Francisco Fernández del ..... e mais os seus amigos fundaron a Editorial Galaxia no ano .....

Con esta fábrica de ..... en galego querían demostrar que se pode contar en galego calquera tema do U.....



### Actividades do bloque 3

- Visita a biblioteca do teu colexio. Busca tres libros da editorial de don Paco. Despois responde estas preguntas de cada un dos libros que elixiches:

Quen é o autor ou a autora?

Quen é o ilustrador ou a ilustradora?

En que ano foi escrito?

De que ano é a edición do exemplar que hai na biblioteca?

De que trata?

Fai unha nova portada do libro que máis che gustou.

Para rematar, pódelo pedir emprestado na biblioteca, levalo para a casa e lelo.

“Os atrancos cos que batía o esforzo de desenvolvemento editorial non eran só de tipo económico. Engadíanse os políticos, particularmente centrados nos controis da censura.”

### Actividades do bloque 4

- Inventa unha pequena historia observando o cartel:

**Principio** (o que pasa primeiro):

**Nó** (o que pasa despois):

**Desenlace** (o que pasa ao final):

- Ilustra a túa historia e xúntaa coas dos teus compañeiros e compañeiras. Despois, editade un pequeno libro que doaredes para a biblioteca do voso centro.

### Actividades para traballar a igualdade

- Observa o cartel e localiza a Francisco Fernández del Riego.

Que opinas sobre como vai vestido ?

Cres que sería axeitada esa maneira de vestir na época en que viviu don Paco ? E hoxe? Por que?

Sabes o que son os estereotipos de xénero?

Xustifica a túa resposta e compáraa coas dos teus compañeiros e compañeiras.



## 9. Francisco Fernández del Riego: un



Con este cartel queremos resaltar a importancia do autor como presidente e membro da Real Academia Galega, pola súa contribución á institución e polo seu labor de difusión da lingua galega, e conseguir que o alumnado poña en valor a Real Academia Galega (RAG).

### Actividades do bloque 1

- Debuxa un sol e un mar para completar o símbolo da RAG.



Don Francisco Fernández del Riego

“Foi así como me decidín a propor a data devandita para celebrala anualmente coa denominación de Día das Letras Galegas.”

- Canto sabes de Francisco Fernández del Riego? Fai este test para o comprobares.

[Quiz Fernández del Riego](#)

### Actividades do bloque 2

- Consulta a biografía de Francisco Fernández del Riego e completa o texto.
- No tempo en que don Paco estivo na Real Academia Galega, conseguiu que se crease o Día das Letras Galegas.

Cando se celebra? A quen se lle dedicou a primeira vez?

Ingresei na R\_\_\_ Academia G\_\_\_\_\_ en 1960.

Desde esta institución, da que tamén fun pre\_\_\_\_\_ (1997/2001), segúin no meu l\_\_\_\_\_ de facer do galego unha lingua u\_\_\_\_\_, presente en todos os eidos de G\_\_\_\_\_.



## Actividades do bloque 3

- Don Paco foi presidente da Real Academia Galega. Nesta institución hai persoas que saben moito do noso idioma: como se escribe correctamente, como se pronuncia etc.


Un dos seus labores é facer dicionarios do galego. Tamén don Paco publicou un.

- Crea un dicionario trangalleiro.


Busca o significado de "trangalleiro" no [dicionario da RAG](#).

Inventa unha cousa que non exista e ponlle un nome (non te esquezas de empregar as letras do abecedario galego).

Logo, xunta esta palabra coas dos compañeiros e compañeiras para crear o dicionario.



# CAQUITÓN



*Información gramatical*  
ADX. M

*Definición*  
Situación divertida.

*Exemplo*  
A festa foi un caquitón.

## Actividades do bloque 4

- Fai unha infografía que responda as seguintes preguntas. Procura a información no web da [RAG](#).

En que ano se fundou?

Cantos membros a compoñen?

Quen é o seu actual presidente?

Cales son as súas funcións principais?



## Actividades para traballar a igualdade

- Facede un debate na aula onde mostredes a vosa opinión sobre a linguaxe inclusiva, non sexista.
- Cantas mulleres académicas había na época en que Fernández del Riego era académico? E agora? Hai máis? Menos? Busca a información no web da [RAG](#).
- Cantas mulleres e cantos homes foron homenaxeados polo Día das Letras Galegas?
- Facede un debate na aula sobre este tema.

## 10. Francisco Fernández del Riego: un



Con este cartel queremos salientar a xenerosidade de don Paco coa cidade de Vigo, ao contribuír xunto con Fermín Penzol a que esta urbe contase cunha gran biblioteca e pinacoteca da que carecía.

Don Paco dooulle a esta cidade un gran tesouro: a súa colección de libros e cadros.


### Actividades do bloque 1

- Francisco Fernández del Riego, co seu labor, axudou a conservar a nosa lingua e a nosa cultura.
- O tesouro máis grande de Galicia é posuír un idioma propio. Ao longo da historia, moitos pobos do mundo perderon a súa lingua por non utilizala ou por non coidala.

Que farías ti para conservar a lingua galega?

- Ilustra este lema:

O GALEGO: TESOURO DE GALICIA



Don Francisco Fernández del Riego

- Ide navegar pola Ría de Vigo con este xogo virtual: [Unha ollada a Vigo](#)

### Actividades do bloque 2

- A don Paco encantáballe que os seus amigos lle fixesen caricaturas. O seu amigo Siro fíxolle moitas. Algunhas atopámolos na pinacoteca que lle regalou á cidade de Vigo.

Anímate a facerlle unha.

- Logo, fai este xogo para descubrires canto sabes de Del Riego.



Don Francisco Fernández del Riego

[Rodicio de don Paco](#)

### Actividades do bloque 3

- Fai de detective da literatura:

Francisco Fernández del Riego pasou gran parte da súa vida na cidade de Vigo. Le atentamente o final da biografía.

- Nesta cita hai unha referencia a un libro escrito tempo atrás, no que se fala desta cidade. Saberías dicir o título do libro e o nome do autor? Aí vai unha pista: o autor, de orixe francesa, ten unha estatua na cidade de Vigo.

"Deixo todo para a cidade de Vigo, cidade na que vivo desde que era un mozo galeguista cheo de soños. Cando abro a fiestra do meu despacho, contemplo o mar. Lembro aquel barco de noz que fixen cando era neno e que navegou desde Vilanova de Lourenzá ata atracar na ría de Vigo vinte mil libros despois."

### Actividades do bloque 4

- Na infografía atoparedes información sobre Fermín Penzol. Facede unha recensión biográfica del e explicade que relación tiña con don Paco.

Visitade a biblioteca do voso centro. Dividide a clase en dous grupos; un busca información na *Gran Enciclopedia Galega* e o outro, na Rede.

- Unha das paixóns de don Paco eran as viaxes e por iso escribiu varios libros sobre distintos lugares de Galicia. Un deles titúlase *Vigo sentimental*; nel, describe a cidade expresando as emocións que lle producen as súas rúas, xentes e lugares.

E a ti que emocións che esperta a paisaxe rural ou urbana que percorres pola mañá, cando te dirixes ao colexio?

Fai un pequeno texto, ilústrao e, finalmente, xuntádeos todos para confeccionardes un libro de emocións. Non vos esquezades de o publicar no web.



### Suxestións de actividades para traballar a igualdade

- Entre as obras que don Paco lle doou á cidade de Vigo hai pinturas dos seus amigos Maside, Seoane, Laxeiro, Castelao e outros, que nas súas obras reflecten a vida diaria da muller galega.

Investiga para descubrir cal deles é o autor deste cadro.

Fai unha reflexión sobre a evolución do traballo da muller desde o século pasado ata hoxe en día.



## Bibliografía



## Webgrafía



## BIBLIOGRAFÍA DO AUTOR

- Fernández del Riego, F. (1974). *Letras do noso tempo*. Vigo: Editorial Galaxia, S. A.
- Fernández del Riego, F. (1992). *Diccionario de escritores en lingua galega*. Sada: Edicións do Castro.
- Fernández del Riego, F. (2003). *Camiño andado*. Vigo: Editorial Galaxia, S. A.

As citas que se amosan nos carteis da exposición son fragmentos literais recollidos no libro *Camiño andado* de Francisco Fernández del Riego, agás a do cartel nº 1, que é un fragmento do pregón que deu o autor na Festa da Faba de Lourenzá no ano 1998.

## OUTRA BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA

- Borrajo, C. (2023). *Desde a fiestra de don Paco*. Lourenzá: Edita CEIP Juan Rey.
- Cunqueiro, A. (2003). *Cartas ao meu amigo*. Vigo: Editorial Galaxia, S. A.
- López González, X. e García Fernández, X. M. (2003). *Os xoguetes esquecidos*. Vigo: Ed. A Nosa Terra.
- López González, X. e García Fernández, X. M. (2003). *Os xoguetes esquecidos (II)*. Vigo: Ed. A Nosa Terra.
- López González, X. e Román Ramos, M. (2011). *Lume aceso*. Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Política lingüística e Concello de Lourenzá.
- López González, X. e García Fernández, X. M. (2014). *Xoguetes naturais. Argalladas dos pícaros. Primavera – Verán*. Sarria: Editorial Ouvirmos, SL.
- López González, X. e García Fernández, X. M. (2014). *Xoguetes naturais. Argalladas dos pícaros. Outono - Inverno*. Sarria: Editorial Ouvirmos, SL.

## WEBGRAFÍA E OUTRAS FONTES NA REDE


- Real Academia Galega (RAG) [Letras Galegas 2023 | Real Academia Galega](#)
- Real Academia Galega (RAG) [Diccionario | Real Academia Galega](#)
- Galipedia <https://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>
- Editorial Galaxia <https://editorialgalaxia.gal/blog/>
- Asociación de Escritores en Lingua Galega <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/francisco-fernandez-del-riego/obra>
- TVG. Entrevistas a Francisco Fernández del Riego.



As imaxes de Francisco Fernández del Riego utilizadas aparecen no Libro *Lume aceso* e están publicadas nesta guía con fins educativos e con permiso do autor.

As imaxes empregadas na guía foron descargadas de fontes con licenza Creative Commons ou gratuítas: Wikipedia-Wikimedia, Pixabay, Freepick, pictogramas de ARASAAC, agás o pictograma de Francisco Fernández del Riego, que foi deseñado por nós e que doamos para o seu banco de imaxes.

Outros software, tecnoloxías e contornos virtuais de carácter gratuíto para a creación e aloxamento de contidos dixitais empregados son Drive de Google, Blogger, Educima.com, Genial.ly, Google, Kahoot.com, Picturedots.com, Symbaloo, Toontastic-Google, Youtube, Wikipedia (versións actualizadas de decembro 2022– xaneiro 2023).



Estas e outras actividades atoparédelas en:

[DESDE A FIESTRA DE DON PACO](#)





Cartel do Día das Letras Galegas 1963. Autoría: Xohan Ledo



Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego-Concello de Vigo

de Bre-o gán Fo-gar de Bre-o-gán de Bre-o-gán.



"Un algo máis embaixo da finca está o pobo: O pobo pequeneiro, aberto, souril, tremendo fronte ao descoramento estático e luar dos bidos."

*O cego de Pumardedon*

A extinción dunha lingua é para a cultura o equivalente á dunha especie para a biodiversidade.

Coa morte dunha lingua pérdense coñecementos, historias, tradicións, lendas, música e poesía.

Cada ano extínguense no mundo entre 20 e 25 idiomas. (UNESCO, 2003)

**Mantén vivo o galego. Fálao!!!**

